

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saída Nº. 201400022427
14/11/14 10:30:51

Asunto: Avaliación de Actividade Docente do ano 2014

Para o seu coñecemento, e para que lle dea a máxima difusión no seu ámbito de competencias, achégolle a Resolución do 14 de novembro de 2014 pola que se establece o prazo de presentación de solicitudes de avaliación da actividade docente durante o ano 2014.

Así mesmo, achéganse os modelos de solicitude e demais información sobre o devandito procedemento.

Vigo, 14 de novembro de 2014

A vicerreitora de Organización Académica e Profesorado



Ana M. Graña Rodríguez

- DIRECTORES/AS DE DEPARTAMENTOS
- DECANOS/AS E DIRECTORES/AS DE CENTRO

RESOLUCIÓN REITORAL DO 14 DE NOVEMBRO DE 2014 POLA QUE SE ESTABLECE O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE

Co obxecto de garantir a continuidade do proceso de avaliación previsto no artigo 2.3 c) do Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto, sobre retribucións do profesorado universitario, é necesario establecer o prazo durante o cal poidan presentarse novas solicitudes de avaliación da **actividade docente** ante esta Universidade, polo que

ESTA REITORÍA RESOLVEU:

Primeiro. O persoal funcionario de carreira dos corpos docentes universitarios e o profesorado contratado doutor fixo en servizo activo e réxime de dedicación a tempo completo que presten servizos nesta universidade e cumpran dentro do ano 2014 cinco anos de servizos docentes sen avaliar a tempo completo ou período equivalente se se prestou en réxime de dedicación a tempo parcial, poderán presentar as súas solicitudes de avaliación docente segundo o modelo oficial, Anexo I.

Así mesmo o persoal funcionario docente que se atope en situación de servizos especiais poderá presentar a solicitude de avaliación docente, aínda que os dereitos económicos non se devengarán ata o momento do seu reingreso na Universidade en réxime de dedicación a tempo completo.

Segundo. O prazo de presentación de solicitudes comezará a partir da publicación da presente convocatoria e **ata o 31 de decembro de 2014.**

Se o último día do prazo coincide con sábado ou día inhábil na universidade, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte segundo o artigo 48 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceiro. A normativa e demais aspectos de procedemento e efectos da avaliación docente especificanse no Anexo II desta convocatoria.

Cuarto. As persoas interesadas deberán presentar as súas solicitudes no Rexistro Xeral ou auxiliares desta universidade ou por calquera dos medios aos que se refire o artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vigo, 14 de novembro de 2014
O reitor

Salustiano Mato de la Iglesia



Universidade de Vigo -
Rexistro Xeral

Saída Nº. 201400022424
14/11/14 10:27:25